# II. AUTORIDADES E PERSOAL

## b) NOMEAMENTOS

### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 31 de xullo de 2009 pola que se nomean novos vogais da Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia en representación do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia.*

A Orde do 21 de febreiro de 2008 (DOG número 45, do 4 de marzo), pola que se crea a Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia, establece no seu artigo 1 a creación da dita comisión como órgano colexiado asesor da Comisión Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social na Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á Consellería de Traballo.

Concretamente no seu artigo 2, establécese a composición e procedemento de designación das persoas membros da Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia.

Ao abeiro do previsto na devandita orde realizáronse as propostas de nomeamento das persoas titulares e suplentes por parte das organizacións empresariais e as organizacións sindicais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas cales foron nomeados os referidos representantes mediante a Orde do 10 de setembro de 2008.

Facendo uso da posibilidade, que recolle o artigo 2.4º da Orde do 21 de febreiro de 2008, o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia acordou a substitución dos seus membros titular e suplente.

Por todo o exposto, ao abeiro do referido artigo 2.4º parágrafo segundo da Orde do 21 de febreiro de 2008, e de acordo coas atribucións que teño conferidas,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º

Nomear como vogais da Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia, por proposta do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, como titular a Maica Bouza Seoane, en substitución de Eusebio Justo Santos.

Artigo 2º

Nomear como vogal suplente a Ascensión Esteban Ceballos, en substitución de Hortensia Álvarez Folgar.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

# III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 28 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integrados para o emprego.*

A Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG nº 12, do 19 de xaneiro), establece na súa disposición adicional primeira que as accións incluídas nesta orde se financiarán con cargo ás consignacións orzamentarias que figuran no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e que as ditas consignacións estarán supeditadas ás modificacións orzamentarias que se poidan realizar como consecuencia de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 30 de decembro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas

*DISPOÑO:*

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.05.322B.481.1 polo importe de 1.075.000 euros, código proxecto 2006 00481.

48.05.322B.460.0 polo importe de 925.000 euros, código proxecto 2006 00481.

Segundo.-Esta modificación non afecta ao prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar